

**MATERIAIS DE TRABALLO SEMANA DO 30 DE MARZO AO 5 DE ABRIL**

Bos días a todos e todas!

Xa levamos dúas semanas de confinamento e seguramente se está facendo duro para moitos de vós. Pero nestes momentos non hai que baixar a garda, esperemos que este gran esforzo colectivo pronto dea resultados positivos.

Como xa vos dixen é importante que cumprades coa vosa parte académica facendo os exercicios propostos, sei que se vos presentan moitas dúbidas e moitos non tedes convosco os libros de texto. Así que nesta ocasión envíovos resumos de teoría que vos sirvan para a resolución das actividades das semanas anteriores.

Por outra banda informaros que o colexio está traballando nunha nova plataforma en liña para que poidamos comunicarnos de forma áxil e sinxela. En breve estará en funcionamento, así que a partir de agora deixo de atender consultas no meu enderezo electrónico e a comunicación será por este novo medio.

Moito ánimo, xa queda menos!

- Enlaces aos dicionarios en rede:  
**DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA** <https://academia.gal/diccionario>  
**DICIONARIO DA XUNTA DE GALICIA** <https://digalego.xunta.gal/>
- Seguíde repasando a conxugación verbal a través dos xogos da web **O XIMNASIO DOS VERBOS** <https://lorientado.github.io/XimnasioDosVerbos/>, seguindo a ruta: menú, xogos, alternancia vocálica ou verbos irregulares.

**REPASO TEÓRICO LINGUA GALEGA****REPASO REGLAS DE ACENTUACIÓN**

**1.-AGUDAS.** Ex.: chofer, chinés

- Acentúanse as polisílabas rematadas en **-vogal (+n, s, ns)**: mamá, cafés, algún, peóns.

- Mais non levan acento ortográfico:

a) **Monosílabos**: leis, el, tí.

b) As rematadas en **ditongo decrecente (+ n, s)**: papeis, colleu, amei, tomou, pediu, azuis.

c) As rematadas noutra consoante que non sexa **-n** ou **-s**: cantar, nariz, arroz.

**2.- GRAVES.** Ex. : atmosfera, biosfera, heroe

Levan acento ortográfico cando rematan en consoante diferente de **n, s**, ou en grupos consonánticos distintos de **-ns**: álbum, móbil, mísil, réptil, Félix, tríceps, carácter. (Tamén se acentúan as que teñen **ditongo decrecente** na última sílaba: amábeis).

Polo tanto: cantan, cantas, lapis, canons, colons, dolmens.

**3.- ESDRÚXULAS.**

Todas levan acento ortográfico: mágoa, bárbaro, tépedo, xílgaro, térmite.

**4.- i, u en hiato.** Independentemente das regras anteriores, levan acento ortográfico as vogais **i, u** tónicas cando van inmediatamente antes ou despois dunha vogal átona, para indicar que ambas as vogais non forman

ditongo: aínda, baúl, caída, Coímbra, egoísmo, miúdo, raíña, raíz, ruído, saía, súa, traía, túa, xuízo... (i, u non se acentúan cando entre elas e a átona aparece un h: prohibes).

**5.- Estranxeirismos e latinismos:** seguen as normas anteriores.

### 6.- OBSERVACIÓNS.

- 6.1.- As maiúsculas levan acento ortográfico.
- 6.2.- Non levan acento ortográfico os **adverbios** acabados en **-mente**, os **demostrativos**, o numeral **un**.
- 6.3.- Tampouco o levan os **interrogativos** e **exclamativos**: Como lle vai? Onde estás? Preguntoulle cal quería. Só se acentúan para evitar posibles anfiboloxías: dille que queres // dille qué queres.
- 6.4.- O pronome **posposto** ao verbo conta como unha sílaba máis, pero mantense o acento diacrítico: cóntallo, éme igual, dálle.

### 7.- Acentos DIACRÍTICOS.

<b>á a +a, substantivo</b>	<b>a artigo, pronome, preposición</b>
<b>ás a +as, substantivo</b>	<b>as artigo, pronome</b>
<b>bóla esfera</b>	<b>bola peza de pan</b>
<b>cá ca + a</b>	<b>ca conxunción</b>
<b>cás ca + as</b>	<b>cas presposición</b>
<b>chá plana</b>	<b>cha che + a</b>
<b>chás planas</b>	<b>chas che + as</b>
<b>có ca + o</b>	<b>co con + o</b>
<b>cós ca + os, substantivo</b>	<b>cos con + os</b>
<b>cómpre é mester</b>	<b>compre merque</b>
<b>cómpren son mester</b>	<b>compren merquen</b>
<b>dá verbo dar</b>	<b>da de + a</b>
<b>dás verbo dar</b>	<b>das de + as</b>
<b>dó compaixón</b>	<b>do de + o</b>
<b>é verbo ser</b>	<b>e conxunción</b>
<b>fóra adverbio</b>	<b>fora verbos ser e ir</b>
<b>má ruín</b>	<b>ma me + a</b>
<b>más ruíns</b>	<b>mas me + as</b>
<b>máis adverbio</b>	<b>mais conxunción</b>
<b>nó substantivo</b>	<b>no en + o</b>
<b>nós pronome tónico, substantivo</b>	<b>nos pronome átono, en +os</b>
<b>ó ao</b>	<b>o artigo, pronome</b>
<b>ós aos</b>	<b>os artigo, pronome</b>
<b>óso do corpo</b>	<b>oso animal</b>
<b>pé parte do corpo</b>	<b>pe letra</b>
<b>póla rama</b>	<b>pola galiña, por + a</b>
<b>pór poñer</b>	<b>por preposición</b>
<b>présa apuro</b>	<b>presa prendida, presada</b>

<b>sé verbo <i>ser</i>, sede eclesiástica</b>	<b>se conxunción, pronome</b>
<b>só adxectivo e adverbio</b>	<b>so preposición</b>
<b>té infusión</b>	<b>te letra, pronome</b>
<b>vén presente de <i>vir</i></b>	<b>ven presente de <i>ver</i>, imperativo de <i>vir</i></b>
<b>vés presente de <i>vir</i></b>	<b>ves presente de <i>ver</i></b>
<b>vós pronome tónico</b>	<b>vos pronome átono</b>

## REPASO E AMPLIACIÓN: OS TEXTOS ARGUMENTATIVOS

Argumentar consiste en achegar razóns para defender unha opinión. A argumentación emprégase para desenvolver temas que se prestan á controversia e, ao mesmo tempo, que intentan dar unha información o máis completa posible sobre eles; pretenden persuadir o lector mediante un razoamento. A argumentación apoiarase en ideas lxicamente aceptables.

Cando queremos manifestar, defender ou contradicir opinións, empregamos diversos argumentos. A solidez das nosas opinións vén dada por eses argumentos e a forma de expolos, que ten que ser clara, ordenada, coherente e xerarquizada, como veremos máis adiante.

### Elementos da argumentación

- Tese: é a idea fundamental que se defende. Constitúe o núcleo da argumentación, onde se expón o tema do que vai tratar o texto. Ten que presentarse de xeito claro, obxectivo e conciso.
- Corpo: logo de exposta a tese, ofrécense os argumentos para confirmala ou rexeitala (contraargumentos).
- Conclusión: que reafirma ou reitera a tese, a partir dos elementos do apartado anterior.

### Elaboración dun texto argumentativo (Técnicas para expoñer as nosas razóns de maneira convincente):

- Presentar con sinxeleza e claridade o que queiramos expor. É conveniente expormos a nosa opinión cunha frase breve e simple, sen palabras inútiles. Exemplos: eu penso que, quero expresar o meu desacordo, sobre ese asunto eu quero manifestar, vou dar a miña opinión sobre...
- Definir previamente o significado das principais palabras coas que expresamos a nosa opinión. Cando poida haber dificultade para que o auditorio ou o lector entendan do que imos falar, é preciso aclarar cal é para nós o significado daqueles termos que poidan interpretarse mal.
- Termos en conta cal é o público ao que nos diriximos (adequación). Non é o mesmo unha argumentación dirixida a un público experto ou coñecedor da materia que tratamos, que a un que non sabe nada do asunto, se é un auditorio infantil ou adulto, formado ou non, etc.
- Empregar argumentos válidos para xustificar a nosa opinión: os que sexan máis eficaces para o público ao que nos diriximos (adequación). Non podemos usar os mesmos argumentos con nenos que cos adultos, cun auditorio culto que con xente iletrada, etc.

## Tipos de argumentos para defender a nosa opinión

- Experiencia persoal. Hai xente que basea a súa argumentación apelando á súa experiencia: vino eu mesmo, pasoulle a un amigo, segundo a miña experiencia... Son argumentos moi pouco consistentes, porque a visión e a experiencia de cada un pode ser moi limitada e a súa opinión, parcial.
- Argumento de autoridade. Moitas veces para dar forza á nosa opinión apelamos a outras persoas máis sabias que opinan igual. Exemplos: Estudos realizados en Gran Bretaña demostran isto.. O gran científico Grande Cobián opina de este modo; Spinoza tiña razón cando escribía...
- Argumento de universalidade. Consiste en defender algo que é aceptado pola opinión xeral. Isto supón que todo o mundo está de acordo. É un argumento moi utilizado na publicidade: Todo o mundo o usa, Todos o toman... Pero é un razoamento pouco consistente e non pode ser o único. Exemplos: Á xente xa non lle produce estrañeza ver estas cousas; A maioría dos países europeos hai tempo que recoñecen eses dereitos.
- Argumento de singularidade. É o contrario ao anterior. Pode resultar convincente pertencer a unha minoría intelixente, que se distingue dos demais nas súas opinións. É un argumento tamén moi utilizado na publicidade: Poucos o fan así, Pase a formar parte dunha minoría selecta, Sexa único... Tampouco este é un argumento consistente se é o único. Exemplos: Unha minoría distínguese pola súa elegancia; Só uns poucos son capaces de se entregar así.
- Argumento de semellanza. Ás veces argumentamos expondo un caso de similares características. Así, para defender un argumento falamos dunha situación semellante (analogía) ou exemplo onde se cumpre o que nós sostemos. Exemplo: Como unha noite dos cristais rotos en Alemaña, así viviron os cidadáns vascos a xornada de onte.
- Argumentos baseados nas consecuencias dun feito (argumento causa-efecto): deféndese un feito polas boas consecuencias que pode producir ou, pola contra, xúlgase un feito como malo cando as repercusións son perniciosas. Exemplos: É tanto o inmenso dano que causan as drogas que todo é pouco para evitalas; Se todos fixésemos as cousas así, o noso país sería un caos.
- Argumento por xeneralización. Tómase un acto individual e illado como representativo dunha situación xeral. Non é lícito nin xusto utilizar este razoamento nas argumentacións. Exemplo: Habería que deportar todos eses ilegais que están roubando os nosos postos de traballo.
- Argumento baseado na persoa en vez das súas razóns. Consiste en valorar o que di a persoa polo seu aspecto ou pola estima que se lle ten. Este argumento tampouco é lícito nin xusto empregalo. Exemplo: Só un fachendoso aparvado coma el podería dicir iso.

## Os conectores nos textos argumentativos

Os conectores **de orde** (primeiro, segundo, terceiro, por unha banda, doutra banda, etc.); **explicativos** (ou sexa, é dicir, isto é, a saber; noutras palabras, etc.) e **de contraste** (en cambio, pola contra e por contra, etc.) son moi útiles cando redactamos textos argumentativos xa que axudan a organizar o texto e lle achegan coherencia e cohesión. Tamén se utilizan moito os conectores **de causa**: por, porque, como, posto que, dado que, debido a (que), a causa de (que), considerando (que), tendo en conta (que)...

## REPASO: ORIXE DO LÉXICO GALEGO

(No dicionario DIGALEGO.XUNTA.GAL aparece o étimo dos termos)

A maior parte das palabras do léxico galego proceden do latín, que foi introducido na Península Ibérica coa romanización. Pero tamén hai palabras máis antigas procedentes dos pobos prerromanos, e outras posteriores que achegaron os pobos que viñeron despois da caída do Imperio Romano (principalmente xermanos e árabes).

**Palabras de orixe prerromana (LINGUAS PREINDOEUROPEAS E INDOEUROPEAS: Celtas e preceltas)**

- Atopamos nomes comúns referidos a plantas e animais: carballo, amieiro, bidueiro, rodaballo...
- Nomes relacionados coa vida doméstica e agrícola: cabana, cabazo, carro, gándara, veiga, billa, burato, berce...
- Topónimos: Barallobre, Sillobre, Sar...

**Palabras de orixe xermana**

- Topónimos: Allariz, Guitiriz, Gondomar, Samil...
- Antropónimos: Afonso, Elvira, Henrique, Luís, Alberte, Álvaro, Fernando, Gonzalo, Guillermo...
- Palabras relacionadas coa actividade guerreira: guerra, helmo, frecha, gañar, bando...
- Léxico común: agasallar, ganso, espuma, sopa, xabón, adubar, laverca...

**Palabras de orixe árabe.**

- Léxico da agricultura: aceite, laranxa, limón, arroz, azafrán, cenoria, acelga...
- Topónimos: A Mezquita, Rábade, Alfoz, Atalaia, e aqueles que levan o termo aldea: Aldea Nova, Aldea de Arriba...
- Léxico da construción: almacén, albanel, azotea, tabique, alxibe, acea...
- Léxico dos oficios: alfaia, alfinete, alquimista, acibeche, marfil, tafona...
- Léxico común: almofada, alcume, azucre...

## REPASO 3º ESO: PERÍODOS DA LITERATURA GALEGA

### 1. INTRODUCCIÓN

Lembremos que no século I antes de Cristo comeza a romanización da Península Ibérica e con ela a implantación do latín que era a lingua dos conquistadores. No decurso dos séculos foise transformando mesturada coa fala do pobo de maneira lenta pero progresiva de modo que, xa no século VIII, a lingua que falaba a xente tiña pouco que ver co latín oficial no que aínda se expresaban a administración e a Igrexa. É tan grande a diferenza que xa nese momento se pode falar de idiomas distintos, no noso caso o latín e o galego. Pero, aínda que a xente da época falaba normalmente en galego, os escritos, tanto os literarios coma os administrativos, seguían facéndose en latín. Teremos que agardar ata o século XII para que aparezan os primeiros escritos en galego. Neste momento histórico o galego é a única lingua da sociedade galega, na que se expresan todas as clases sociais da época. Estes primeiros escritos non son de tipo literario, teñen carácter administrativo. Os primeiros escritos en galego que se conservan e que teñen carácter literario datan do século XIII.

### 2. ETAPAS HISTÓRICAS DA LITERATURA GALEGA

A literatura é un produto cultural e social que está directamente relacionado coa época na que se produce. Non podemos comprender o feito literario se non temos tamén en conta as circunstancias políticas, económicas, sociais e culturais do momento. Por este motivo cómpre analizar a literatura de cada época como parte dun determinado momento histórico, tentando comprender en que maneira inflúe, e, ao mesmo

tempo, é influída polas circunstancias sociais. Partindo desta idea, imos facer un pequeno achegamento inicial á literatura galega a través do tempo, tendo en conta as seguintes grandes etapas históricas:

### **A Idade Media. Os Séculos Escuros. O Rexurdimento. O Século XX.**

**1. A Idade Media (Séculos XIII, XIV e XV)** Nesta época a literatura galega vive un momento de grande esplendor coincidindo co apoxeo do feudalismo galego (séculos XII e XIII) xa que é un período no que a nobreza galega ten un alto grao de soberanía e ocupa un lugar destacado no reino leonés-castelán. A poesía trobadoresca galaico-portuguesa acada unha extraordinaria importancia e o galego convértese na lingua da lírica.

**2. Séculos Escuros (Séculos XVI, XVII, XVIII)** Este longo período de tempo é unha época de decadencia na que o galego perde a súa condición de lingua literaria. Iníciase co declive da nobreza galega e a definitiva subordinación do territorio á coroa de Castela. Este proceso agudízase no século XVIII coa política centralista da monarquía borbónica. O galego vai quedar relegado á fala das clases populares. A literatura practicamente queda reducida á produción oral na que atopamos numerosas cantigas, vilancicos, contos e lendas que conforman un rico e variado folclore.

**3. O Rexurdimento (Século XIX)** Denomínaselle así a un renacemento cultural e literario de Galicia que se manifesta fundamentalmente nas últimas décadas do século. Historicamente é este un século moi convulso que se inicia coa invasión francesa (1808) e a posterior Guerra da Independencia. Nos anos seguintes sucédense no goberno do país períodos liberais e períodos absolutistas. En Galicia xorde por vez primeira un movemento político, o Provincialismo, de carácter galeguista que se opón ao centralismo. A sociedade galega segue a ser maioritariamente rural, e a miseria derivada do sistema foral provoca unha forte emigración da poboación. Unha influencia importante é a do Romanticismo, corrente literaria e cultural que entón impera en Europa. Este movemento preconiza as liberdades e o espírito de rebeldía e interésase pola historia dos pobos e polas culturas minorizadas. A lingua galega vai ser de novo utilizada na escrita, fundamentalmente na lírica con autores como Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal

**4. Século XX** A complexidade deste século fai necesario subdividir a súa análise en tres períodos:

Preguerra (ata o ano 1936) Posguerra e ditadura (de 1936 a 1975) Etapa actual (de 1975 á actualidade)

**a. Pregoerra (ata o ano 1936)** É unha época de cambios sociais na que desaparece o vello sistema foral e os labregos acceden por vez primeira á propiedade da terra. Empeza tamén a crearse un incipiente tecido industrial nas cidades, que se converten en polos de atracción para o campesiñado. Con todo, a emigración cara a fóra de Galicia segue a ser moi forte. Son anos nos que a literatura galega vive un momento de esplendor. Xorden grupos como As Irmandades da Fala (1916) que basean o seu programa na difusión oral e escrita do galego e no coñecemento da cultura autóctona; posteriormente, no ano 1922 aparece a revista Nós e o Seminario de Estudos Galegos, impulsados por intelectuais como Vicente Risco, A. Daniel Rodríguez Castelao e Ramón Otero Pedrayo. No ano 1931 fúndase o Partido Galeguista que ten como obxectivo acadar a autonomía para Galicia. A aprobación do Estatuto de Autonomía ten lugar no ano 1936, un mes antes do levantamento militar que provoca a Guerra Civil. Escríbense importantes obras literarias tanto na lírica como na narrativa de ficción, consolídase a produción teatral e aparece o ensaio.

**b. Posguerra e ditadura (do ano 1936 ao 1975)** Coa implantación dun réxime ditatorial, autoritario e centralista, o galego sofre un gran retroceso e practicamente desaparece como vehículo de cultura e como lingua literaria, só se mantén vivo no exilio ao que se viron forzados moitos intelectuais galegos que desenvolveron no exterior un importante papel político e cultural. A partir dos anos 50 iníciase unha lenta recuperación propiciada pola creación de grupos editoriais, principalmente a Editorial Galaxia fundada en 1951, e polo labor na clandestinidade de partidos políticos que adoptan o galego como forma de expresión. Con todo, esta incipiente recuperación vese dificultada pola censura franquista e pola imposición do castelán como lingua única da administración e da cultura.

**c. Etapa actual (de 1975 á actualidade)** No ano 1975 morre o ditador e iníciase entón unha serie de cambios políticos que levan á creación dun réxime de democracia parlamentaria. No ano 1978 promúlgase a Constitución que configura o Estado das Autonomías recoñecendo a realidade plurinacional e plurilingüística do Estado Español. En Galicia establécese un Goberno autónomo e no ano 1981 apróbase por referendo o Estatuto de Autonomía. O galego adquire o rango de lingua oficial de Galicia, empeza a ser implantado na administración e accede a ámbitos como o ensino e os medios de comunicación. Como consecuencia de todo isto, a literatura galega na actualidade está a atravesar unha época de gran florecemento.

## **ACTIVIDADES**

**1. Elabora un esquema ou mapa conceptual cos principais períodos da literatura galega. Cita as obras e autores/as máis destacados da Idade Media e do Rexurdimento (repaso de 3º ESO)**